

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**4957** *Real decreto 129/2018, do 16 de marzo, polo que se aproban os estatutos xerais dos colexios de arquitectos e do seu Consello Superior.*

Os estatutos para o réxime e goberno dos colexios de arquitectos foron aprobados polo Decreto do 13 de xuño de 1931. O Real decreto 327/2002, do 5 de abril, polo que se aproban os estatutos xerais dos colexios oficiais de arquitectos e o seu Consello Superior, actualizou a normativa estatutaria para adaptala ás determinacións da Lei 7/1997, do 14 de abril, sobre medidas liberalizadoras en materia de solo e colexios profesionais, e do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, sobre medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, así como á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e á orde constitucional de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas.

Posteriormente, o Real decreto 523/2005, do 13 de maio, polo que se modifican os estatutos xerais dos colexios oficiais de arquitectos e do seu Consello Superior, aprobados polo Real decreto 327/2002, do 5 de abril, engade unha disposición adicional terceira ao citado Real decreto 327/2002, do 5 de abril, co fin de corrixir a aplicación dos artigos 67 e 53 da citada norma aos colexios de Ceuta e Melilla, que producía unha notable desproporción, tanto no relativo ás achegas económicas dos colexios ao orzamento do Consello Superior coma no relativo á súa representación na Asemblea Xeral do Consello Superior.

A adopción destes novos estatutos xerais responde fundamentalmente á necesidade de adaptar os estatutos vixentes aos cambios operados no marco regulador dos colexios profesionais pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, incorporada ao dereito interno a través da Lei 17/2009, do 23 de novembro, de libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Estes cambios legislativos obrigan os colexios profesionais a adaptar as súas normas estatutarias á nova regulación e, en particular, ao disposto no artigo 5 da citada Lei 25/2009, do 22 de novembro, que introduce importantes modificacións na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, incidindo na simplificación de procedementos, na redución de cargas administrativas, no reforzo das garantías de consumidores e usuarios e diversas medidas que amplían a transparencia na actuación das ditas corporacións públicas e dos seus colexiados.

Ademais, introdúcense aquelas modificacións necesarias para adecuar o marco estatutario á Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, e outras reformas dirixidas a conseguir que a estrutura colexial se faga máis representativa nos seus órganos esenciais de goberno e no seu funcionamento.

O proxecto normativo dítase en virtude do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

A aprobación destes estatutos corresponde ao Goberno, de conformidade co establecido no artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, modificada pola Lei 25/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e o seu exercicio.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de marzo de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación dos estatutos.*

Apróbanse os estatutos xerais dos colexios de arquitectos e do seu Consello Superior, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 327/2002, do 5 de abril, polo que se aproban os estatutos xerais dos colexios oficiais de arquitectos e o seu Consello Superior.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Salvagarda de competencias autonómicas.*

A regulación contida nos estatutos aprobados mediante este real decreto entenderase sen prexuízo da que, ao abeiro das súas competencias na materia, aproben as comunidades autónomas para os colexios e consellos que se constitúan nos seus respectivos ámbitos territoriais.

Disposición derradeira terceira. *Revisión e adaptación de normativa.*

Durante o ano seguinte á entrada en vigor dos presentes estatutos xerais:

- a) Os colexios oficiais de arquitectos revisarán os seus propios estatutos e regulamentos para a súa debida adecuación a eles.
- b) O Consello Superior de Colexios adaptará no necesario o código deontolóxico de actuación profesional dos arquitectos e a restante normativa da súa competencia.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto e os estatutos por el aprobados entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de marzo de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Fomento,  
ÍÑIGO JOAQUÍN DE LA SERNA HERNÁIZ

## ESTATUTOS XERAIS DOS COLEXIOS DE ARQUITECTOS E DO SEU CONSELLO SUPERIOR

Título preliminar. A organización colexial.

Título I. Os colexios oficiais de arquitectos.

Capítulo I. Funcións.

Capítulo II. Organización.

Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións xerais.

Sección 2.<sup>a</sup> Órganos xerais.

Sección 3.<sup>a</sup> Órganos territoriais.

Sección 4.<sup>a</sup> Réxime electoral.

Sección 5.<sup>a</sup> Outras organizacións profesionais.

Capítulo III. Incorporación aos colexios.

Capítulo IV. Dereitos e deberes dos colexiados.

Capítulo V. Competencias colexiais en relación coa actividade profesional.

Capítulo VI. Réxime xurídico.

Capítulo VII. Réxime económico e patrimonial.

Capítulo VIII. Réxime disciplinario.

Título II. O Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España.

Capítulo I. Funcións.

Capítulo II. Organización e funcionamento.

Capítulo III. Réxime do Consello Superior.

Sección 1.<sup>a</sup> Réxime xurídico.

Sección 2.<sup>a</sup> Réxime económico.

Sección 3.<sup>a</sup> Réxime de xestión administrativa.

Sección 4.<sup>a</sup> Portelo único.

Título III. Outras disposicións.

### TÍTULO PRELIMINAR

#### **A organización colexial**

Artigo 1. *Definición e obxecto.*

A organización que se establece nos presentes estatutos xerais, integrada polos colexios oficiais de arquitectos e os seus consellos autonómicos, e polo Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España, ten por obxecto primordial servir ao interese xeral da sociedade promovendo a mellor realización das funcións profesionais propias dos arquitectos.

Artigo 2. *Natureza dos colexios.*

1. Os colexios oficiais de arquitectos son corporacións de dereito público constituídas consonte a lei e integradas por aqueles que exercen a profesión de arquitecto, así como polos titulados que, sen exercela, estean voluntariamente incorporados a estes.

2. Os colexios teñen personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. Na súa organización e funcionamento gozan de plena autonomía no marco dos presentes estatutos e baixo a garantía xurisdiccional dos tribunais de xustiza.

### Artigo 3. *Fins dos colexios.*

Son fins esenciais dos colexios oficiais de arquitectos:

- a) Procurar o perfeccionamento da actividade profesional dos arquitectos.
- b) Ordenar, no marco das leis e da normativa regulamentaria de aplicación, o exercicio profesional, garantindo o cumprimento do principio de igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres.
- c) Velar pola observancia da deontoloxía da profesión e polo respecto debido aos dereitos dos cidadáns.
- d) Representar con exclusividade a profesión no ámbito institucional, atendendo á súa colexiación obrigatoria, e defender os intereses xerais da profesión, en particular nas súas relacións cos poderes públicos.
- e) Defender os dereitos e intereses profesionais dos seus membros.
- f) Realizar as prestacións de interese xeral propias da profesión de arquitecto que consideren oportunas ou que lles encomenden os poderes públicos consonte a lei.
- g) Protexer os intereses dos consumidores e usuarios dos servizos profesionais dos seus colexiados.

### Artigo 4. *Constitución e ámbito territorial.*

1. A estrutura colexial fundaméntase no principio xeral de coincidencia e axuste coa organización territorial do Estado, en comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía. O ámbito territorial de cada Colexio será o que determine a norma da súa creación dentro dos límites previstos na lexislación autonómica ou, na súa falta, con ámbito provincial ou insular como mínimo. Os distintos colexios de arquitectos serán únicos nos seus respectivos ámbitos territoriais.

2. A segregación ou fusión de ámbitos colexiais para a creación de novos colexios requirirá o acordo da asemblea ou asembleas xerais do Colexio ou colexios implicados. A proposta, logo de coñecemento do Consello Superior de Colexios, e sen prexuízo da intervención que, de ser o caso, proceda por parte do Consello Autonómico correspondente, cursarase ao órgano que deba proceder á súa aprobación.

3. Cando se trate dun Colexio con demarcación superior á dunha comunidade autónoma, a segregación do ámbito correspondente ao dunha delas para constituír o Colexio respectivo requirirá unicamente, polo que ao réxime interno corporativo se refire, o acordo favorable da maioría absoluta dos colexiados residentes no dito ámbito reunidos en asemblea convocada para este efecto logo de comunicación ao Colexio para o seu coñecemento.

4. Salvo outros requisitos, de ser o caso, dispostos pola lexislación aplicable, os novos colexios entenderanse constituídos coa toma de posesión dos seus órganos de goberno debidamente elixidos.

### Artigo 5. *Os consellos autonómicos de colexios.*

1. Os consellos de colexios de arquitectos que se constituán para a agrupación de todos os comprendidos nunha comunidade autónoma terán os fins e funcións que determinen os seus propios estatutos, consonte o disposto na lexislación autonómica correspondente.

2. Para os efectos dos presentes estatutos corresponderá aos aludidos consellos a articulación da participación dos colexios que agrupen nos órganos do Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España, que deberá asegurar a suficiente e adecuada representación de todos eles conforme o disposto no artigo 53.

### Artigo 6. *Consello Superior dos Colexios de Arquitectos. Natureza e fins.*

1. Todos os colexios de ámbito autonómico e os consellos autonómicos de colexios se integran no Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España, corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade cuxo réxime se establece nestes estatutos.

2. No ámbito de actuación nacional e internacional que lle é propio, son fins esenciais do Consello Superior, no exercicio das funcións que lle corresponden consonte a lexislación vixente:

- a) Representar e defender unitariamente a profesión e os seus colexios e consellos autonómicos.
- b) Coordinar a actuación dos seus membros na realización dos seus fins esenciais e comúns e nas súas relacións con aquelas entidades de prestación de servizos creadas, promovidas ou participadas polos colexios, polos consellos autonómicos ou polo propio Consello.
- c) Garantir, con ocasión do exercicio das súas propias funcións, e procurar en todo caso a igualdade de trato dos arquitectos e a súa liberdade de exercicio en toda España dentro do marco que establezan as disposicións legais vixentes.
- d) Fixar o código deontolóxico xeral da profesión de arquitecto, no marco da normativa aplicable.
- e) Protexer os intereses dos consumidores e usuarios dos servizos de arquitectura.

## TÍTULO I

### Os colexios oficiais de arquitectos

#### CAPÍTULO I

#### Funcións

##### Artigo 7. *Enumeración.*

Para a consecución dos fins previstos no artigo 3, os colexios de arquitectos exercerán no seu ámbito territorial, e sen prexuízo dos fins e funcións do Consello Superior e do Consello Autonómico, cando exista, cantas funcións lles asigne a lexislación sobre colexios profesionais e, en particular, as seguintes:

1. De rexistro:
  - a) Levar a relación ao día dos seus colexiados, onde constará, como mínimo, o testemuño auténtico do título, a data de alta, o domicilio profesional e o de residencia, a sinatura actualizada e cantas incidencias ou impedimentos afecten a habilitación para o exercicio profesional. O Rexistro Xeral Consolidado de Arquitectos será de acceso público para os usuarios.
  - b) Levar o rexistro das sociedades profesionais de arquitectos con domicilio social no ámbito territorial do Colexio, consonte o disposto na vixente Lei de sociedades profesionais.
  - c) Solicitar dos colexiados e demais exercentes no seu ámbito territorial os datos necesarios para o exercicio das competencias establecidas no capítulo V do presente título.
  - d) Certificar os datos do rexistro por petición dos interesados ou por requirimento das autoridades competentes.
  - e) Facilitar aos órganos xurisdicionais e das administracións públicas, conforme as leis, a relación de colexiados que poidan ser requiridos para intervir como peritos ou desinalos directamente, segundo proceda.
2. De representación:
  - a) Representar a profesión ante os poderes públicos da respectiva comunidade autónoma e restantes administracións, procurando os intereses profesionais e prestando a súa colaboración nas materias da súa competencia, para o cal poderán subscribir convenios cos organismos respectivos. Cando a representación deba ter lugar ante órganos con competencia fóra do ámbito do Colexio e se refira a asuntos que transcendan o seu ámbito territorial, as actuacións realizaranse coa venia ou por mediación do Consello Superior ou Consello Autonómico, segundo proceda.

b) Actuar ante os xuíces e os tribunais, dentro e fóra do seu ámbito territorial, tanto en nome propio e en defensa dos intereses da profesión e dos profesionais dos seus membros como en nome, por conta e en substitución procesual destes, na defensa que eles mesmos voluntariamente lles encomenden.

c) Emitir informe nos procedementos xudiciais ou administrativos en que se discutan honorarios ou outras cuestións profesionais, cando sexan requiridos para iso.

d) Emitir informe, consonte as leis e cando non corresponda ao Consello Autonómico, sobre os proxectos de disposicións de ámbito autonómico que regulen ou afecten directamente as atribucións profesionais ou as condicións de actividade dos arquitectos, sen prexuízo das competencias básicas do Estado nesta materia.

e) Cooperar co melloramento do ensino e da investigación da arquitectura.

f) Participar e representar a profesión en congresos, xurados e órganos consultivos por petición da Administración ou de particulares.

g) Promover o prestixio e a presenza social da profesión.

### 3. De ordenación:

a) Velar pola ética e dignidade da profesión, tanto nas relacións recíprocas dos arquitectos como nas destes cos seus clientes ou coas organizacións en que desenvolvan a súa tarefa profesional.

b) Velar pola independencia facultativa do arquitecto en calquera das modalidades do exercicio profesional.

c) Adoptar medidas conducentes a evitar e perseguir ante os tribunais a intrusión profesional.

d) Visar os traballos profesionais dos arquitectos, cando así se solicite por petición expresa dos clientes, incluídas as administracións públicas cando actúen como tales, e aqueles traballos recollidos no Real decreto 1000/2010, do 5 agosto, de visado colexial obrigatorio.

e) Adoptar as medidas conducentes a impedir a competencia desleal entre os arquitectos.

f) Exercer a potestade disciplinaria sobre os arquitectos e, de ser o caso, sobre as sociedades profesionais que incumpran os seus deberes colexiais ou profesionais, tanto legais como deontolóxicos.

g) Velar polo respecto aos dereitos de propiedade intelectual dos arquitectos.

h) Establecer, no ámbito da súa competencia, normativas sobre a actividade profesional dos colexiados, velando pola ética e dignidade profesional e polo respecto debido aos dereitos dos particulares, e exercer a facultade disciplinaria na orde profesional e colexial.

### 4. De servizo:

a) Promover a investigación e a difusión da arquitectura en todos os seus campos de intervención.

b) Asesorar e apoiar os arquitectos no exercicio profesional constituíndo e prestando todo tipo de servizos, incluídos os de información profesional e técnica e de formación permanente.

c) Organizar canles para facilitar as prácticas profesionais dos novos titulados.

d) Impulsar e desenvolver a mediación, así como desempeñar funcións de arbitraje, no ámbito nacional e internacional, de conformidade co establecido na lexislación vixente.

e) Resolver por laudo, consonte a lexislación sobre arbitaxes e os seus propios regulamentos de procedemento, os conflitos que as partes lles sometan en materias relacionadas coa competencia profesional dos arquitectos.

f) Elaborar criterios orientativos para o cálculo de honorarios para os exclusivos efectos da taxación de custas xudiciais.

g) Encargarse do cobramento dos honorarios profesionais dos colexiados e exercentes no seu ámbito territorial, por solicitude deles e nas condicións que se determinen nos estatutos e demais normas colexiais.

- h) Asesorar os arquitectos nas súas relacións coas administracións públicas.
- i) Prestar a colaboración que se lles requira na organización e difusión dos concursos que afecten os arquitectos e velar pola adecuación das súas convocatorias ás normas reguladoras do exercicio profesional.
- j) Colaborar con institucións ou entidades de carácter formativo, cultural, cívico, de previsión e outras análogas dedicadas ao servizo dos arquitectos ou ao fomento e defensa dos valores culturais e sociais que concirnen á profesión, e promover a súa constitución.
- k) Establecer un servizo de atención para a tramitación e resolución de cantas queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou profesional dos colexiados presente calquera usuario que contrate os servizos profesionais, así como outros colexiados, as asociacións e organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa dos seus intereses.  
A través deste servizo os colexios resolverán sobre a queixa ou reclamación segundo proceda ben informando sobre o sistema extraxudicial de resolución de conflitos, ben remitindo o expediente aos órganos colexiais competentes para instruír os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios, ben arquivando ou ben adoptando calquera outra decisión conforme dereito.
- l) Dispor na súa páxina web do acceso ao servizo de portelo único, previsto no capítulo III do título II dos presentes estatutos (artigos 70, 71 e 72), para posibilitar que os arquitectos poidan realizar todos os trámites necesarios para as altas e baixas de colexiación e o seu exercicio profesional e ofrecer aos clientes e usuarios a información que soliciten.
- m) Atender as solicitudes de información sobre os seus colexiados e sobre as sancións firmes a eles impostas, así como as peticións de inspección ou investigación que lles formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.
- n) Prestar servizos de asesoramento individual e voluntario sobre as condicións de contratación dos servizos profesionais dos arquitectos, procurando a mellor definición e garantía das obrigacións e dereitos.

## 5. De organización:

- a) Elaborar os estatutos particulares e as súas modificacións, logo de informe do Consello Superior de Colexios acerca da súa compatibilidade cos presentes, e coa intervención que, de ser o caso, proceda por parte do Consello Autonómico respectivo.
- b) Aprobar e executar os seus orzamentos.
- c) Ditar regulamentos de organización e funcionamento interior para o desenvolvemento e a aplicación dos estatutos particulares.

## CAPÍTULO II

### Organización

#### Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións xerais

#### Artigo 8. Organización básica.

1. Corresponde a cada Colexio, mediante os seus estatutos particulares, establecer e regular a súa organización propia con suxeición ao seguinte cadro básico:

- A) Órganos xerais:
  - a) A Asemblea Xeral dos colexiados.
  - b) A Xunta de Goberno do Colexio.
  - c) O decano.

B) Órganos territoriais ou sectoriais, cos ámbitos que establezan os estatutos particulares.

As denominacións dos órganos citados poderán variar consonte os usos ou linguas propios de cada Colexio.

2. O Colexio actúa asegurando a acción coordinada dos seus órganos xerais e territoriais e a igualdade de trato de todos os seus membros. Para este fin deberán quedar reservadas aos órganos xerais as competencias necesarias e, como mínimo, as seguintes:

- a) Elaborar os estatutos particulares e toda disposición colexial de carácter xeral.
- b) Aprobar definitivamente os orzamentos e a súa liquidación, así como as contas anuais, e levar o inventario dos bens.
- c) Elaborar e publicar a memoria anual, que deberá conter ao menos a información legalmente exixida, a que fai referencia o artigo 69 destes estatutos.
- d) Acordar as altas, baixas e suspensións de colexiación e ordenar ou autorizar a anotación de cantas outras incidencias deban constar no rexistro.
- e) Resolver os expedientes disciplinarios, así como os recursos que se interpoñan contra actos colexiais.
- f) Organizar todas as eleccións para a provisión de cargos.
- g) Exercer a representación xeral do Colexio concedendo, de ser o caso, as oportunas delegacións en favor dos órganos territoriais.
- h) As funcións de control colexial sobre a actividade profesional dos arquitectos, sen prexuízo da posibilidade da súa delegación nos órganos territoriais.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Órganos xerais*

Artigo 9. *A Asemblea Xeral dos colexiados.*

1. A Asemblea Xeral, integrada polos arquitectos colexiados, é o órgano supremo de expresión da vontade do Colexio. A participación na asemblea será persoal e pode ser por representación se así se establece no estatuto particular.

2. Son competencias propias e exclusivas da Asemblea Xeral:

- a) Aprobar os estatutos particulares e os regulamentos de réxime interior e as súas modificacións, sen prexuízo da facultade da Xunta de Goberno para ditar as correspondentes normativas de desenvolvemento.
- b) Establecer ou alterar os órganos territoriais do Colexio.
- c) Coñecer e sancionar a memoria anual de xestión.
- d) Aprobar os orzamentos e regular, conforme os estatutos, os recursos económicos do Colexio. Os orzamentos dos órganos territoriais integrarán, xunto co dos órganos centrais, o orzamento xeral consolidado do Colexio.
- e) Aprobar definitivamente a liquidación dos orzamentos e as contas de gastos e ingresos de cada exercicio vencido.
- f) Autorizar os actos de disposición dos bens inmoebles e dereitos reais constituídos sobre estes, así como dos restantes bens patrimoniais que figuren inventariados como de considerable valor.
- g) Controlar a xestión dos órganos de goberno, solicitando informes e adoptando, de ser o caso, as oportunas mocións, incluso a de censura con carácter revogatorio mediante o procedemento fixado estatutariamente.

Ademais, a Asemblea coñecerá cantos outros asuntos lle someta a Xunta de Goberno por propia iniciativa ou por solicitude do número de colexiados que o estatuto particular estableza.

3. Os estatutos de cada Colexio fixarán o réxime de convocatoria e funcionamento da Asemblea Xeral, os sistemas de votación e os quórumos exixibles en función da materia



que se trate, así como, de ser o caso, a participación por representación. Observaranse, en todo caso, as seguintes prescricións:

- a) As asembleas celebrarán sesión ordinaria no segundo e cuarto trimestre de cada ano e sesións extraordinarias cantas veces o acorde a Xunta de Goberno por propia iniciativa ou por solicitude do número de colexiados que o propio estatuto estableza.
- b) As asembleas ordinarias tratarán, como mínimo, os asuntos relacionados nas alíneas c), d) e e) do número anterior.
- c) Só se poderán tomar acordos sobre os asuntos que figuren na orde do día. No punto de rolda de intervencións, preguntas e proposicións poderá acordarse, de ser o caso, a toma en consideración de asuntos para a súa incorporación á orde do día dunha futura asemblea.

#### Artigo 10. *A Xunta de Goberno do Colexio.*

1. A Xunta de Goberno é o órgano de administración e dirección do Colexio que exerce as competencias deste non reservadas á Asemblea Xeral conforme o artigo anterior nin asignadas especificamente polos estatutos particulares a outros órganos colexiais, así como as que se lle atribúen expresamente nestes estatutos xerais.

2. Baixo a presidencia do decano, estará integrada polos cargos nominativos e vogais que os estatutos particulares determinen.

#### Artigo 11. *O decano.*

O decano exerce a representación legal do Colexio, convoca e preside a Asemblea Xeral e a Xunta de Goberno velando pola debida execución dos seus acordos e adoptando, nos casos de urxencia, as medidas procedentes. Tamén preside as reunións dos demais órganos colexiais cando asista e exerce cantas outras funcións lle asignen os estatutos do seu Colexio.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Órganos territoriais*

#### Artigo 12. *Demarcacións colexiais.*

1. Os colexios poderán organizarse territorialmente en demarcacións. Á fronte de cada demarcación estará unha xunta directiva elixida polos colexiados adscritos a ela, coas funcións de representación, administración e control que determinen os estatutos do Colexio con suxeición ao disposto nos artigos 8.2 e 30.3.

2. Os estatutos particulares poderán fixar as condicións mínimas de territorio, número de colexiados e suficiencia económica que se requiran para o establecemento e continuidade das demarcacións, co fin de asegurar a súa capacidade para o desempeño das funcións encomendadas.

#### Artigo 13. *Desconcentración de servizos.*

Dentro do ámbito de cada Colexio ou demarcación colexial poderán establecerse, consonte as condicións previstas nos respectivos estatutos, as unidades administrativas necesarias para a máis adecuada prestación dos servizos colexiais.

### *Sección 4.<sup>a</sup> Réxime electoral*

#### Artigo 14. *Regulación.*

Son electivos todos os cargos dos órganos colexiais de goberno. Os estatutos particulares regularán o procedemento de convocatoria e celebración das eleccións e, en todo caso, recollerán a confección das listas de electores, o sistema de proclamación de candidatos, a toma de posesión dos electos e o modo de proceder en caso de vacantes nos cargos antes da terminación do mandato respectivo.

## Artigo 15. *Dereitos electorais.*

1. En cada Colexio son electores todos os colexiados que estean incorporados coa antelación á convocatoria que determinen os estatutos particulares.
2. Os estatutos de cada Colexio fixarán as condicións que deben reunir os electores para seren elixibles aos distintos cargos. Ningún mandato poderá durar máis de catro anos, sen prexuízo da posibilidade de reelección consonte os propios estatutos.
3. En ambos os casos quedarán excluídos aqueles que se encontren sancionados consonte o previsto no artigo 49.2.

## Artigo 16. *Votación.*

1. O voto electoral é libre, igual, directo e secreto e exércese persoalmente ou por correo.
2. A votación por correo require que quede constancia do envío, que se acredite a identidade do votante, que se garanta o segredo do voto e que este sexa recibido pola mesa electoral antes de finalizar a votación. Todo elector poderá revogar o seu voto por correo comparecendo a votar persoalmente. Se o sobre chegou antes de que o interesado emitise o seu voto presencial que revoga o voto emitido por correo, o sobre será destruído no mesmo acto e na súa presenza.
3. Na falta de regulación expresa nos respectivos estatutos colexiais que, en todo caso, deberá respectar as condicións enumeradas no número anterior, o procedemento de votación por correo axustarase aos seguintes requisitos:
  - a) O elector que desexe utilizar este procedemento deberá comunicalo á secretaría do Colexio ou da demarcación correspondente con antelación mínima de cinco días á data da votación. A comunicación poderase facer por escrito ou mediante comparecencia persoal e quedará anotada nas listas electorais.
  - b) A secretaría expedirá ao elector unha acreditación persoal e facilitaralle as papeletas de votación e os sobres para o seu envío, dos cales o sobre exterior deberá ser personalizado mediante selaxe e numeración ou clave coincidente coa de acreditación. O elector recollerá persoalmente este material cando cursase a comunicación por escrito; noutro caso, se así o solicita, poderáselle enviar ao domicilio por un medio que deixe constancia da súa recepción.
  - c) O elector introducirá a papeleta elixida no correspondente sobre anónimo, e este sobre ou sobres, xunto coa acreditación persoal, introduciraos no sobre exterior que remitirá á secretaría colexial correspondente, ben por correo oficial certificado, ben por servizo de mensaxaría.
4. Os estatutos de cada Colexio regularán a composición da mesa ou mesas electorais e o procedemento de escrutinio. Cando existan varias mesas, haberá unha comisión electoral colexial que reunirá as distintas actas, dirimirá os incidentes ou reclamacións que se produzan e proclamará os resultados.

## *Sección 5.<sup>a</sup> Outras organizacións profesionais*

### Artigo 17. *Agrupacións de arquitectos.*

1. Os colexios poderán prever nos estatutos particulares a creación no seu seo de agrupacións de arquitectos por razón de formas de exercicio ou de especialidades profesionais, sen que se poida formar en cada Colexio máis dunha coa mesma ou similar finalidade. A pertenza a estas agrupacións será voluntaria.

Estas agrupacións, que non terán personalidade xurídica propia, serán recoñecidas polo Colexio mediante a aprobación dos seus regulamentos, que concederá a Asemblea Xeral cando cumpran as condicións seguintes:

- a) Recoñecemento explícito do código deontolóxico dos colexios de arquitectos, sen prexuízo das precisións que no seu desenvolvemento poidan adoptar en atención aos seus específicos fins e suxeición á autoridade dos órganos de goberno do Colexio.

b) Carácter non discriminatorio nin discrecional das condicións de incorporación e permanencia dos arquitectos na agrupación e ausencia de restricións ou limitacións particulares á competencia e liberdade de exercicio profesional conforme a lexislación vixente.

c) Réxime democrático da súa organización e funcionamento.

2. As agrupacións recoñecidas polos distintos colexios de arquitectos poderán federarse en unións de ámbito estatal baixo homologación do Consello Superior de Colexios, sen que poida existir máis dunha unión por forma de exercicio ou especialidade profesional. O Consello acordará a homologación mediante o visado dos estatutos federativos e concederá ás unións relacións especiais de carácter consultivo e de proposta en canto se refira ao ámbito dos seus fins específicos.

3. Os colexios poderán designar un membro de entre os seus colexiados por acordo da súa Xunta de Goberno para formar parte dos órganos directivos das unións de ámbito estatal no caso de que non teñan constituída a agrupación correspondente.

#### Artigo 18. *Outras entidades de interese profesional.*

Os colexios, por si mesmos ou coa coordinación dos seus consellos autonómicos ou do Consello Superior, poderán instituír entidades ao servizo dos fins e intereses da profesión, e participar ou establecer relacións adecuadas con outras existentes de análogo carácter.

### CAPÍTULO III

#### **Incorporación aos colexios**

#### Artigo 19. *Deber de incorporación.*

1. O deber de colexiación, cando veña establecido por lei estatal para o exercicio da profesión, exige a incorporación do arquitecto como colexiado no Colexio en cuxo ámbito teña o seu domicilio profesional, único ou principal, para exercer en todo o territorio español. Os colexios non poderán exixir aos profesionais que exerzan nun territorio diferente ao de colexiación comunicación nin habilitación ningunha.

Igualmente, poderanse incorporar ou permanecer nos colexios con carácter voluntario os arquitectos que non exerzan a profesión ou que, en razón da súa modalidade de exercicio, se encontren legalmente dispensados do deber de colexiación.

2. No caso de arquitectos que se despracen en libre prestación de servizos e estean legalmente establecidos en Estados membros da UE ou noutros países europeos en que sexa aplicable a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, o réxime aplicable será o que se especifica no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, que constitúe a transposición no ordenamento español da dita directiva. Concretamente, no caso de desprazamento destes arquitectos, a remisión pola autoridade competente, fixada no dito real decreto, da declaración previa do arquitecto e da súa documentación adxunta ao Consello Superior e ao Colexio de destino constituirá unha inscrición temporal automática no dito Colexio e suporá o sometemento do arquitecto interesado ás disposicións disciplinarias vixentes, sempre que tal desprazamento chegue finalmente a realizarse.

#### Artigo 20. *Requisitos para a incorporación.*

1. Son condicións necesarias para obter a alta como colexiado:

a) Posuír a titulación legalmente requirida para o exercicio en España da profesión de arquitecto, adecuada á Orde EDU/2075/2010, do 29 de xullo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de arquitecto, así como aqueles verificados ao abeiro da Orde ECI/3856/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a

verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de arquitecto, e polo Real decreto 4/1994, do 14 de xaneiro, polo que se establece o título universitario oficial de Arquitecto e se aproban as directrices xerais propias dos plans de estudos conducentes á obtención daquel e por outras disposicións anteriores en vigor.

- b) Non estar incapacitado ou inhabilitado legalmente para o exercicio da profesión.
- c) Non encontrarse suspendido no exercicio profesional por sanción disciplinaria colexial firme.
- d) Aboar a correspondente cota de inscrición ou colexiación.

A condición a), cando non for accesible para o Colexio a súa verificación polos medios de cooperación interadministrativa, deberá acreditarla o interesado mediante certificación que acredite que superou os estudos correspondentes e o pagamento dos dereitos de expedición do título. En caso de tratarse de titulación estranxeira achegarase, ademais, a documentación acreditativa da súa homologación ou recoñecemento en España para efectos profesionais. Se se trata de nacionais de terceiros países, a colexiación entenderase sen prexuízo da necesidade de cumprir os requisitos exixidos pola normativa sobre estranxeiría e inmigración para o establecemento e traballo dos estranxeiros en España.

A condición b) entenderase acreditada por declaración do interesado.

A condición c) farase constar, salvo que se trate de primeira colexiación, mediante certificación do Rexistro Xeral de Arquitectos existente no Consello Superior de Colexios.

Declararanse ou acreditaranse, ademais, os restantes datos que deban constar no rexistro do Colexio.

Os colexios disporán os medios necesarios para que os solicitantes poidan tramitar a súa colexiación por vía telemática.

2. As xuntas de Goberno resolverán as solicitudes de colexiación no prazo dun mes. Poderán denegalas unicamente cando non se cumpran as condicións fixadas no número anterior. O transcurso do prazo para resolver poderase deixar en suspenso, por unha soa vez e durante un prazo máximo dun mes, en virtude de requirimento de emenda ou mellora da solicitude presentada ou para efectuar as comprobacións que sexan necesarias co fin de verificar a lexitimidade e suficiencia da documentación achegada. As solicitudes efectuadas por profesionais con nacionalidade ou titulación de Estados terceiros requirirán informe do Consello Superior; nestes supostos, o prazo máximo de resolución será dun mes. Neste trámite de informe, o Consello Superior verificará que a documentación presentada corresponde á requirida pola normativa aplicable.

A colexiación entenderase producida por acto presunto, respecto das solicitudes deducidas en debida forma, unha vez transcorrido o prazo máximo previsto no parágrafo anterior sen que se ditase e notificase resolución expresa ningunha.

As xuntas poderán delegar nos seus secretarios a resolución provisional dos expedientes de colexiación.

3. Os colexios non poderán exixir aos arquitectos colexiados que exerzan nun territorio diferente ao de colexiación o pagamento de contraprestacións económicas distintas daquelas que exixan habitualmente aos seus colexiados pola prestación de servizos dos cales sexan beneficiarios e que non se encontren cubertos pola cota colexial.

#### Artigo 21. *Titulados da Unión Europea.*

A incorporación aos colexios de titulados procedentes dos Estados membros da Unión Europea atárase ao disposto na Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, o réxime aplicable será o que se especifica no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, que constitúe a transposición no ordenamento español da dita directiva; ou ben tendo en conta o procedemento para a homologación establecido no Real decreto 976/2014, do 21 de novembro.

**Artigo 22. Suspensión da incorporación.**

Son causas determinantes da suspensión da colexiación e, por tanto, dos dereitos inherentes á condición de colexiado:

- a) A inhabilitación ou a incapacitación para o exercicio profesional decretada por resolución xudicial firme.
- b) A suspensión no exercicio profesional imposta por sanción disciplinaria colexial devida firme.
- c) A falta de pagamento das contribucións colexiais por importe mínimo equivalente á metade das que correspondan a unha anualidade ou o superior que determinen os estatutos particulares e, en todo caso, logo de requirimento fidedigno de pagamento con advertencia de suspensión.

A situación de suspenso manterase mentres subsista a causa que a determine.

**Artigo 23. Baixas.**

Os arquitectos perden a condición de colexiado causando baixa no Colexio correspondente:

- a) Por perda ou inexactitude comprobada dalgunha das condicións exixibles para o exercicio da profesión de arquitecto en España.
- b) Por petición propia, sempre que o interesado non teña compromisos profesionais pendentes de cumprimento ou acreditando, noutro caso, a renuncia correspondente.

A baixa voluntaria no Colexio non extingue a responsabilidade disciplinaria contraída por feitos acaecidos durante o período de alta. En tal suposto deberá seguir tramitándose o expediente disciplinario ata a súa resolución, e a sanción que eventualmente se poida impor quedará en suspenso para ser cumprida se o colexiado causa novamente alta no Colexio.

- c) Por expulsión decretada en resolución da xurisdición disciplinaria colexial devida firme.
- d) Por acharse suspendido durante tres meses consecutivos conforme a alínea c) do artigo anterior. En calquera caso, a reincorporación quedará condicionada ao pagamento das cotas debidas e dos seus xuros de demora sempre que, de acordo coa lexislación aplicable, o crédito non prescribise.

**Artigo 24. Rexistro Xeral.**

Os colexios darán conta inmediata ao Consello Superior, para a súa constancia no Rexistro Xeral Consolidado de Arquitectos, de cantas resolucións adopten sobre incorporación, suspensión ou baixa, así como das alteracións que se produzan en canto á domiciliación profesional e de residencia dos arquitectos.

**CAPÍTULO IV****Dereitos e deberes dos colexiados****Artigo 25. Principios xerais.**

1. A incorporación a un colexio confire a todo arquitecto os dereitos e imponlle os deberes inherentes á condición de colexiado.

O Colexio protexerá e defenderá os arquitectos no exercicio recto e lexítimo da profesión.

2. Todos os arquitectos son iguais nos dereitos e deberes establecidos neste capítulo. Os actos ou acordos colexiais que impliquen restrición indebida dos dereitos ou discriminación nos deberes aquí establecidos incorrerán en nulidade.

3. A condición de colexiado, que se adquire pola incorporación a un colexio, é unha categoría única e todos os colexiados teñen os mesmos dereitos e deberes. Os colexios poderán establecer distintas modalidades de pagamento das cotas colexiais, en función das singularidades do exercicio profesional. A cota de inscrición ou cota de primeira colexiación non poderá superar, en ningún caso, os custos asociados á tramitación da inscrición.

4. Os estatutos particulares dos colexios poderán regular situacións de relación co Colexio, distintas da colexiación, tales como a do precolexiado, referida a estudantes de Arquitectura, ou similares; así como con persoas físicas ou xurídicas que contribúan á defensa e promoción da arquitectura. En ningún caso estas situacións suporán adquirir a condición de colexiado, nin os dereitos e deberes correspondentes.

#### Artigo 26. *Dereitos.*

1. Son dereitos dos arquitectos colexiados:

a) Participar no goberno do Colexio formando parte da Asemblea Xeral e exercendo o dereito a elixir e ser elixido para os cargos directivos.

b) O colexiado ten dereito a dirixirse aos órganos de goberno formulando peticións ou queixas, sen prexuízo de presentar as queixas ou reclamacións a través do servizo creado para o efecto, de acordo co previsto no artigo 12 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

c) Exercer o dereito de recurso contra os acordos e resolucións dos órganos colexiais.

d) Recibir información regular sobre a actividade corporativa e de interese profesional, e examinar os documentos contables en que se reflicte a actividade económica do Colexio na forma e nos prazos que determinen os estatutos particulares.

e) Obter información e, de ser o caso, certificación dos documentos e actos colexiais que os afecten persoalmente.

f) Utilizar os servizos que teña establecidos o Colexio, na forma e nas condicións fixadas para o efecto.

g) Ser asesorado ou defendido polo Colexio en cantas cuestións se susciten relativas aos seus dereitos e intereses lexítimos de carácter profesional, na forma e nas condicións fixadas para o efecto por cada Colexio.

h) Ser mantido en pleno uso dos seus dereitos mentres non se produza a súa suspensión ou baixa conforme os estatutos.

2. Os arquitectos exercentes no ámbito dun colexio distinto ao da súa colexiación gozan naquel dos mesmos dereitos que os colexiados, coa excepción dos que figuran nas alíneas a) e d) do número anterior.

#### Artigo 27. *Deberes.*

1. Son deberes de todo arquitecto colexiado:

a) Observar a deontoloxía da profesión.

b) Realizar os traballos profesionais que asuma con estrita suxeición á normativa xeral e colexial que os regule.

c) Cumprir as normas e resolucións ditadas polos órganos colexiais e prestar o respecto debido aos titulares de tales órganos, sen prexuízo do dereito a formular queixas e recursos.

d) Comunicar ao Colexio os datos que lle sexan requiridos e sexan necesarios para o cumprimento das funcións colexiais.

e) Presentar os documentos profesionais que autorice coa súa sinatura para o seu visado, cando sexa preceptivo de acordo coa normativa vixente ou, noutro caso, cando o soliciten expresamente os clientes, incluídas as administracións públicas cando actúen como tales.

f) Observar as incompatibilidades profesionais e causas de abstención legal ou deontoloxicamente establecidas. En todo caso, os requisitos que obriguen a exercer de forma exclusiva unha profesión ou que limiten o exercicio conxunto de dúas ou máis profesións serán só os que se establezan por lei.

g) Contribuír puntualmente ao sostemento económico do Colexio conforme os estatutos e os acordos adoptados polos órganos colexiais para a súa aplicación.

h) Actuar con fidelidade e dilixencia no desempeño dos cargos colexiais para os cales sexa elixido ou designado.

2. Estes deberes configuran o réxime necesario da actuación profesional e colexial do arquitecto e a súa observancia constitúe o obxecto propio das potestades colexiais reguladas nos capítulos V e VIII.

Artigo 28. *Xestión colexial de cobramento.*

Cando o Colexio teña establecido o correspondente servizo, os arquitectos poderán encomendarlle a xestión do cobramento dos seus honorarios profesionais, xa sexa para casos determinados, xa sexa con carácter xeral e por tempo indefinido mediante a adscrición ao citado servizo. Os regulamentos colexiais determinarán o réxime de funcionamento deste servizo e o seu financiamento.

## CAPÍTULO V

### Competencias colexiais en relación coa actividade profesional

Artigo 29. *Réxime xeral.*

1. As competencias para o cumprimento de funcións colexiais relativas á actividade profesional dos arquitectos e, en todo caso, as previstas neste capítulo, son de natureza regrada e terán como único fin lexítimo velar polo cumprimento da normativa legal, estatutaria e deontolóxica da profesión, e defender a lexítima actuación do arquitecto sen menoscabo dos dereitos de quen contrata os seus servizos.

2. Nos supostos de exercicio profesional en territorio distinto ao de colexiación, para os efectos de exercer as competencias de ordenación e potestade disciplinaria que corresponden ao Colexio do territorio en que se exerza a actividade profesional, en beneficio dos consumidores e usuarios, os colexios deberán utilizar os oportunos mecanismos de comunicación e os sistemas de cooperación administrativa entre autoridades competentes previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. As sancións impostas, de ser o caso, polo Colexio do territorio en que se exerza a actividade profesional producirán efectos en todo o territorio español.

Artigo 30. *Visado.*

1. Corresponde aos colexios de arquitectos, no seu ámbito territorial, a función de visado colexial, nos termos e conforme o disposto nos artigos 5.q) e 13 da Lei de colexios profesionais, o Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio e demais normativa aplicable.

2. Cando se trate do visado de traballos profesionais a cargo dunha sociedade profesional debidamente inscrita no Rexistro Colexial de Sociedades Profesionais, este poderase expedir, á elección da sociedade profesional, ben a favor desta, ben a favor do arquitecto ou arquitectos colexiados que se responsabilicen do traballo.

3. Os estatutos particulares e regulamentos dos colexios detallarán os procedementos a que se debe ater ao visado. En todo caso, o prazo para resolver non excederá os vinte días hábiles contados desde a presentación do traballo, salvo suspensións acordadas para emendar deficiencias, as cales non poderán exceder o prazo total dun mes. Cando a resolución sexa denegatoria, deberá ser motivada e notificada en debida forma.

Artigo 31. *Control técnico de proxectos.*

Os colexios poderán establecer servizos de carácter voluntario á disposición dos arquitectos e dos seus clientes para o control de calidade técnica dos traballos profesionais.

Así mesmo, os colexios poderán establecer coas administracións públicas convenios ou contratos de servizos de comprobación documental, técnica ou sobre cumprimento de normativa aplicable que consideren necesarios relativos aos traballos profesionais.

Artigo 32. *Substitución de arquitectos.*

A substitución dun arquitecto por outro na realización dun mesmo traballo profesional require a comunicación ao Colexio no momento en que se produce. Cando o sexa na dirección facultativa dunha obra en curso de execución, coa comunicación do arquitecto cesante deberá achegarse certificación que reflecta o estado das obras realizadas baixo a súa dirección e a documentación técnica correspondente.

Artigo 33. *Exercicio profesional baixo forma societaria.*

1. Os arquitectos poderán exercer a súa profesión conxuntamente con outros colexiados baixo calquera forma lícita recoñecida en dereito. Tamén poderán, de ser o caso, exercer conxuntamente a súa profesión con profesionais doutras disciplinas. Se a actividade profesional se desenvolve baixo forma societaria, estará suxeita aos termos previstos na vixente Lei de sociedades profesionais e no resto da lexislación societaria mercantil.

2. As sociedades profesionais das que formen parte arquitectos como socios profesionais inscribíranse obrigatoriamente, despois da súa inscrición no Rexistro Mercantil, no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio de Arquitectos correspondente. A sociedade profesional deberá estar inscrita no dito rexistro para poder realizar actividades profesionais baixo a súa razón ou denominación social. Unicamente poderá exercer a sociedade profesional as actividades profesionais que constitúen o seu obxecto social a través de persoas colexiadas no Colexio da profesión correspondente.

Os colexios comunicarán ao Consello Superior todas as inscricións practicadas para os efectos da súa anotación no Rexistro Central de Sociedades Profesionais.

3. A inscrición da sociedade profesional no Rexistro Colexial correspondente supón a incorporación da sociedade ao Colexio e a súa suxeición ás competencias que a Lei de colexios profesionais e os presentes estatutos xerais atribúen aos colexios sobre os profesionais incorporados a eles.

4. Os rexistros colexiais de sociedades profesionais rexeranse polas previsións contidas na Lei de sociedades profesionais e nos presentes estatutos xerais e, en desenvolvemento destes, pola normativa común aprobada polo Consello Superior de Colexios.

5. As sociedades profesionais constituídas como tales de conformidade coa lexislación dun Estado membro da Unión Europea serán recoñecidas en España nos termos e para os efectos previstos na disposición adicional sétima da Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.

6. A baixa da sociedade profesional no Rexistro colexial, salvo se se debe ao traslado do seu domicilio a outra demarcación colexial, irá precedida da acreditación ante o Colexio correspondente da baixa no Rexistro Mercantil como tal sociedade profesional ou a acreditación dun cambio do obxecto social que exclúa o exercicio da arquitectura.

Artigo 34. *Dereitos e obrigacións das sociedades profesionais.*

A sociedade profesional debidamente inscrita no Rexistro de Sociedades Profesionais será titular dos dereitos e obrigacións que recoñece o capítulo IV do título I destes estatutos xerais, con excepción dos dereitos electorais e de participación en órganos colexiais que se reservan exclusivamente para os colexiados persoas físicas.



## CAPÍTULO VI

### Réxime xurídico

#### Artigo 35. *Normativa aplicable.*

Os colexios réxense polas normas seguintes:

- a) A lexislación autonómica e estatal en materia de colexios profesionais.
- b) O resto do ordenamento xurídico en canto resulte aplicable.
- c) Os presentes estatutos xerais.
- d) Os seus estatutos particulares, regulamentos de réxime interior e acordos de alcance xeral que se adopten para o seu desenvolvemento e aplicación.

En materia de procedemento rexerá supletoriamente a lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.

Salvo exención legal, os acordos, decisións ou recomendacións dos colexios deberán observar os límites establecidos no artigo 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

#### Artigo 36. *Réxime dos órganos colexiais.*

Os estatutos particulares de cada Colexio establecerán o réxime de convocatoria, sesións e adopción de acordos dos seus distintos órganos de goberno.

Os estatutos establecerán, así mesmo, os instrumentos idóneos para garantir a autenticidade e conservación das actas e acordos.

#### Artigo 37. *Eficacia dos actos e acordos.*

1. Excepto o disposto no artigo 49.1, os acordos adoptados polos órganos colexiais en exercicio de potestades públicas consideraranse executivos desde a súa adopción, sen máis requisito que a súa notificación ou publicación en forma cando proceda e salvo que dos seus propios termos resulten sometidos a prazo ou condición de eficacia.

2. Os regulamentos colexiais e as súas modificacións, así como os restantes acordos de alcance xeral asimilables a aqueles polo seu contido e pola extensión dos seus efectos entrarán en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no boletín ou circular colexial, salvo que expresamente se estableza neles outro termo.

3. As resolucións ou acordos particulares ou que afecten de modo especial e inmediato os dereitos ou intereses de arquitectos determinados deberán ser notificados a estes e incluír, en todo caso, motivación suficiente e indicación dos recursos que procedan e dos prazos para interpoñelos.

#### Artigo 38. *Recursos contra os actos e acordos.*

1. Os acordos e resolucións dos órganos colexiais a que se refire o artigo anterior –salvo os adoptados pola Asemblea Xeral do Colexio e os da Xunta de Goberno–, mesmo os actos de trámite se deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, impiden a continuación do procedemento ou producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, son susceptibles de recurso de alzada ante a Xunta de Goberno ou o órgano especializado que, de ser o caso, determinen os estatutos particulares.

Os prazos de interposición e resolución dos recursos na vía colexial rexeranse polo disposto na lexislación sobre procedemento administrativo común.

2. Sen prexuízo do previsto no artigo seguinte, as resolucións de recurso anteriormente mencionadas, así como os restantes actos ou acordos da Xunta de Goberno e os da Asemblea Xeral esgotan a vía colexial e abren a contencioso-administrativa naqueles asuntos suxeitos á dita xurisdición.

Artigo 39. *Recursos ante o Consello Superior.*

Procederá interpor recurso ante o Consello Superior de Colexios, consonte o artigo 65, nos seguintes supostos:

- a) Recurso potestativo de reposición contra os actos ou normas acordados polo propio Consello Superior en única instancia.
- b) Recurso de alzada contra acordos de calquera órganos dos colexios ou consellos autonómicos, cando así estea previsto nos estatutos particulares ou o dispoña a correspondente lexislación autonómica.

## CAPÍTULO VII

### Réxime económico e patrimonial

Artigo 40. *Recursos económicos.*

Os colexios disporán dos seguintes recursos económicos:

1. Ordinarios:

- a) Os produtos dos bens, dereitos e obrigacións do patrimonio colexial.
- b) Os honorarios pola elaboración de informes, ditames, estudos e outros asesoramentos técnicos que se lles requiran.
- c) As percepcións pola expedición de certificacións ou copias de datos ou documentos existentes nos seus arquivos, ou de copias de documentos por eles producidos. Os ingresos derivados do exercicio da función de visado, tanto no caso do visado obrigatorio coma do visado voluntario ou doutras funcións encomendadas ao Colexio por disposicións legais ou regulamentarias.
- d) Os beneficios que obteñan polas súas publicacións ou outros servizos ou actividades remuneradas que realicen.
- e) As contribucións económicas dos arquitectos e das sociedades profesionais consonte o disposto no artigo seguinte.
- f) Os que, por calquera outro concepto, legalmente procedan.

2. Extraordinarios:

- a) As subvencións, donativos, herdanzas ou legados de que o Colexio poida ser beneficiario.
- b) O produto do alleamento dos bens do seu patrimonio.
- c) As cantidades que en calquera concepto corresponda percibir ao Colexio por administración de bens alleos que se lle encomenden con destino a fins de promoción e fomento da arquitectura.
- d) Os que, por calquera outro concepto, legalmente procedan.

Artigo 41. *Contribución dos arquitectos.*

1. Son contribucións dos arquitectos colexiados:

- a) As cotas de inscrición ou colexiación, que non poderán superar en ningún caso os custos asociados á tramitación correspondente.
- b) As cotas ordinarias, xa sexan fixas ou variables en razón, para este segundo suposto, de criterios obxectivos determinados regulamentariamente con suxeición aos principios de xeneralidade, equidade e proporcionalidade.
- c) As cantidades que, de ser o caso, se establezan polo uso individualizado dos servizos colexiais. O cobramento por servizos deberase facer consonte condicións aprobadas pola Asemblea Xeral.

2. Aos exercentes pertencentes a outro Colexio non se lles poderán impor cotas fixas nin asignar contribucións económicas distintas ás dos colexiados por ningún outro concepto.

#### Artigo 42. *Sistema orzamentario.*

1. O réxime económico dos colexios é orzamentario. O orzamento será único, nivelado, comprenderá a totalidade de ingresos, gastos e investimentos do Colexio e irá referido a un ano natural.

2. En cada orzamento cifraranse coa suficiente especificación os gastos previstos en función do programa de actividades que vaian desenvolver os distintos órganos colexiais, así como os ingresos que se prevexa devindicar durante o correspondente exercicio.

3. Os estatutos particulares de cada Colexio regularán o procedemento orzamentario con integración, de ser o caso, dos orzamentos dos órganos centrais e territoriais, ata a definitiva aprobación do orzamento xeral do Colexio pola Asemblea Xeral.

#### Artigo 43. *O patrimonio do Colexio.*

1. Constitúe o patrimonio de cada Colexio o conxunto de todos os seus bens, dereitos e obrigacións. O Colexio posúe a súa titularidade, sen prexuízo da adscrición de bens determinados aos órganos territoriais que o compoñen.

2. Os estatutos particulares establecerán o réxime de administración, inventario, inscrición rexistral e disposición dos bens, que deberá garantir a transparencia e responsabilidade na xestión e a integridade e conservación do patrimonio colexial.

### CAPÍTULO VIII

#### Réxime disciplinario

#### Artigo 44. *Ámbito e competencia.*

1. Os colexios sancionarán disciplinariamente as accións e omisións dos colexiados e, de ser o caso, das sociedades profesionais que vulneren as disposicións reguladoras da profesión, os estatutos e regulamentos colexiais ou do código deontolóxico de actuación profesional. Para a aplicación das disposicións do presente capítulo terase en conta a regulación do procedemento sancionador xeral, previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. En cada Colexio exercerá a función disciplinaria a Xunta de Goberno ou o órgano específico que, de ser o caso, prevexan os estatutos particulares.

3. Nos supostos de exercicio profesional en territorio distinto ao da colexiación, a potestade disciplinaria corresponderá ao Colexio do territorio en que se realice a actuación profesional.

4. Corresponde ao Consello Superior de Colexios a imposición de sancións por calquera causa aos membros do Pleno de Conselleiros mentres permanezan no exercicio dos seus cargos, mesmo cando os expedientes se incoasen con anterioridade ao inicio dos seus mandatos. Serán tamén da competencia do Consello os expedientes que se inicien ou se deban resolver unha vez concluídos os mandatos, sempre que teñan por obxecto actuacións relacionadas directamente co exercicio das respectivas funcións.

Ademais, salvo que outra cousa resulte da lexislación autonómica aplicable, o Consello exercerá a competencia sancionadora en iguais termos respecto dos membros dos consellos autonómicos de colexios ou, na falta destes, dos que formen parte dos órganos superiores de goberno e órganos disciplinarios dos colexios.

#### Artigo 45. *Procedemento.*

1. O procedemento disciplinario iniciarase de oficio ou por instancia do decano, Xunta de Goberno ou xuntas directivas de demarcación, ou ben por denuncia, xa sexa dun arquitecto ou dun particular. Non se admitirán a trámite denuncias anónimas.

2. O órgano titular da función disciplinaria, á vista dos antecedentes dispoñibles e, de ser o caso, logo da información sucinta que se precise, poderá acordar o arquivamento das actuacións ou dispor a apertura de expediente designando, neste caso, un instrutor. O acordo de apertura de expediente notificarase ao arquitecto ou arquitectos expedientados.

3. Tras as dilixencias indagatorias oportunas, o instrutor propondrá o sobresemento do expediente ou ben formulará prego de cargos en que se concreten os feitos imputados, os deberes que se presumen infrinxidos por relación cos artigos 27 e 47 e as sancións que se poidan impor consonte o artigo 48, e concederalle ao expedientado un prazo non inferior a dez días hábiles para contestar por escrito.

Son utilizables no expediente todos os medios de proba admisibles en dereito. Ao instrutor correspóndelle a práctica dos que se propoñan e considere pertinentes ou el mesmo acorde de oficio. Das audiencias e das probas practicadas deixarase a debida constancia en acta.

4. Concluída a instrución do expediente, o instrutor elevarao, xunto coa correspondente proposta de resolución, ao órgano disciplinario ante o cal, salvo expresa renuncia do seu dereito, se lle concederá ao expedientado trámite de audiencia oral para que por si ou por medio doutro colexiado ou asistido de letrado, poida alegar canto conveña ao seu dereito. O instrutor non poderá intervir nas deliberacións do órgano disciplinario.

5. Os estatutos particulares poderán desenvolver o procedemento disciplinario con suxeición a estes estatutos e ao resto do ordenamento aplicable.

#### Artigo 46. *As resolucións sancionadoras.*

1. As resolucións acordaranse por maioría absoluta e serán motivadas, apreciando a proba segundo as regras da sa crítica, relacionando os feitos probados en congruencia co prego de cargos, dilucidando as cuestións esenciais alegadas ou resultantes do expediente e determinando, de ser o caso, as infraccións e a súa fundamentación consonte o artigo 44.1, con cualificación da súa gravidade segundo os criterios do artigo 47. A decisión final ou resolución poderá ser de sanción, de absolución por falta de probas ou por inexistencia de conducta sancionable, ou de sobresemento por prescrición das faltas.

2. As resolucións serán notificadas integramente aos interesados con indicación dos recursos que procedan consonte o previsto nos artigos 38 e 39, e dos prazos para interpoles.

#### Artigo 47. *Cualificación das infraccións.*

1. As infraccións cualificaranse como leves, graves ou moi graves.

2. Terán, en principio, a cualificación de graves as infraccións que correspondan a algún dos tipos seguintes:

a) Exercicio da profesión sen cumprir os requisitos para realizar actuacións profesionais encontrándose inhabilitado ou suspendido no dito exercicio.

b) Colaboración no exercicio de actividades propias da profesión de arquitecto por parte de quen non reúna os requisitos establecidos para iso.

c) Realización de actividades profesionais que incorran en incompatibilidade por razón do cargo ou función desempeñados, ou en asociación ou colaboración con quen se encontre afectado pola dita incompatibilidade.

d) Actuacións con infracción da normativa legal reguladora da leal competencia entre os profesionais, cando fosen establecidas por sentenza xudicial firme.

e) Substitución de compañeiros en traballos profesionais sen formalizar a comunicación ao Colexio no momento en que se produce.

f) Usurpación da autoría de traballos profesionais alleos.

g) Incumprimento dos deberes profesionais do arquitecto.

h) Falseamento ou grave inexactitude na documentación profesional.

i) Ocultación ou simulación de datos que o Colexio deba coñecer no exercicio das súas funcións relativas á actividade profesional e de fixación e recadación das contribucións dos arquitectos.

j) Actuacións públicas en notorio desprestixio da profesión ou doutros profesionais, ou con menosprezo da autoridade lexítima do Colexio. Enténdese por actuación pública a que ten como destinatario un conxunto indeterminado de receptores, valéndose para iso de calquera medio, xa sexa telemático, escrito ou oral.

k) Desempeño de cargos colexiais con infidelidade ou con reiterada negligencia dos deberes correspondentes.

l) Incumprimento da obrigaón de pór á disposición dos destinatarios do servizo profesional a información exixida no artigo 22.2 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

m) Actuacións profesionais, salvo por mandato xudicial expreso ou acordo entre as partes afectadas, en obras de reparación ou emenda derivadas de causas litixiosas en que actuase como perito.

n) A actuación dunha sociedade profesional en que participen arquitectos sen estar inscrita no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio correspondente ou sen cumprir os requisitos establecidos na normativa dos rexistros de sociedades profesionais.

ñ) Ofertar, difundir ou establecer relacións laborais con outros arquitectos cando incumpran a lexislación vixente en materia laboral, e sexa determinado por resolución firme dos órganos competentes. Non poderán encubrirse relacións laborais baixo outras formas de contratación.

3. Merecerán a cualificación de moi graves as infraccións cualificables como graves nas cales conorra algunha das circunstancias seguintes:

a) Manifesta intencionalidade na conduta.  
b) Neglixencia profesional inescusable.  
c) Desobediencia reiterada a acordos ou requirimentos colexiais.  
d) Dano ou prexuízo grave do cliente, doutros arquitectos, do Colexio ou de terceiras persoas.

e) Existencia dun lucro ilexítimo, propio ou alleo, posibilitado pola actuación irregular do arquitecto.

f) Abuso da confianza depositada polo cliente, en especial se concorren as circunstancias de cargo público ou de actuación simultánea como promotor ou construtor.

g) Acharse no exercicio dun cargo colexial ou público ao cometer a infracción, cando desta circunstancia derive un maior desprestixio da imaxe ou dignidade profesional, ou ben cando a infracción se cometese valéndose do dito cargo.

h) Ter sido sancionado anteriormente por resolución firme a causa de calquera infracción grave non cancelada.

4. Son infraccións leves as infraccións comprendidas no número 2 deste artigo que revistan menor entidade por concorrer conxuntamente falta de intencionalidade, escasa importancia do dano causado e ánimo dilixente de emendar a falta ou remediar os seus efectos. Pola contra, as faltas cualificables en principio como leves serán graves cando conorra algunha das circunstancias enumeradas no número 3 deste artigo.

En concreto, serán consideradas como infraccións leves:

a) Ofender un arquitecto levemente en calquera comunicación privada oral ou escrita sempre que non transcendese a ofensa.

b) Ofender o cliente en comunicacións e manifestacións públicas que lle poidan causar dano nos seus intereses ou desprestixio.

c) Non atender coa debida dilixencia os requirimentos colexiais, comunicacións e visitas doutros compañeiros ou clientes.

d) Non comunicar oportunamente ao Colexio o cambio de domicilio profesional ou calquera outra circunstancia persoal que afecte a súa relación con aquel.

e) Non consignar adecuadamente nos expedientes administrativos a identificación persoal, o Colexio a que está incorporado e o número de colexiado.

f) Non atender os requirimentos derivados da obrigaón de visado colexial coa dilixencia debida cando o incumprimento non constituía infracción grave ou moi grave.

g) Calquera outro incumprimento do previsto no presente estatuto xeral ou no código deontolóxico, cando non constitúan infracción grave ou moi grave.

Artigo 48. *As sancións e a súa clasificación.*

1. Poderanse impor as seguintes sancións disciplinarias:

- 1.<sup>a</sup> Apercibimento por oficio.
- 2.<sup>a</sup> Reprensión pública.
- 3.<sup>a</sup> Suspensión no exercicio profesional por un prazo de ata seis meses ou, de ser o caso, inhabilitación polo mesmo prazo para o desempeño de cargos colexiais.
- 4.<sup>a</sup> Suspensión no exercicio profesional por un prazo entre seis meses e un día e un ano ou, de ser o caso, inhabilitación polo mesmo prazo para o desempeño de cargos colexiais.
- 5.<sup>a</sup> Suspensión no exercicio profesional por un prazo entre un ano e un día e dous anos ou, de ser o caso, inhabilitación polo mesmo prazo para o desempeño de cargos colexiais.
- 6.<sup>a</sup> Suspensión no exercicio profesional por un prazo entre dous anos e un día e catro anos ou, de ser o caso, inhabilitación polo mesmo prazo para o desempeño de cargos colexiais.
- 7.<sup>a</sup> Expulsión do Colexio ou, de ser o caso, inhabilitación permanente para o desempeño de cargos colexiais.

2. Cando as infraccións sexan cometidas por unha sociedade profesional, aplicaranse as mesmas sancións descritas no número anterior coas seguintes especialidades:

- a) As sancións 3.<sup>a</sup> a 6.<sup>a</sup> comportarán simultaneamente a baixa da sociedade no Rexistro de Sociedades Profesionais polo mesmo período da súa duración.
- b) A sétima das sancións consistirá na baixa definitiva do Rexistro de Sociedades Profesionais con prohibición indefinida de exercicio profesional.
- c) Non resultará de aplicación a sanción accesoria descrita no artigo 49.2 destes estatutos.

3. Ás infraccións leves corresponderán as sancións 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup>; ás graves, as sancións 3.<sup>a</sup>, 4.<sup>a</sup> e 5.<sup>a</sup>, e ás moi graves, as sancións 6.<sup>a</sup> e 7.<sup>a</sup>.

As circunstancias a que se refiren os números 3 e 4 do artigo 47 operan, ademais de como determinantes, nun primeiro momento, para a cualificación da infracción en moi grave, grave ou leve, como dato para precisar, seguidamente, a concreta sanción aplicable á infracción resultante de entre as varias previstas para esta conforme o parágrafo anterior, para cuxo efecto se observarán as seguintes regras:

- a) A concorrencia dunha soa circunstancia de agravación determinará que á infracción, así agravada na súa cualificación, se lle impoña a sanción menos gravosa de entre as previstas para a dita cualificación.
- b) A concorrencia dunha soa circunstancia de atenuación determinará que á infracción, así atenuada na súa cualificación, se lle impoña a sanción máis gravosa de entre as previstas para a dita cualificación.
- c) A concorrencia de dúas ou máis circunstancias de agravación e, en todo caso, a reiteración, determinará que á infracción, así agravada na súa cualificación, se lle impoña a sanción máis gravosa de entre as previstas para a dita cualificación.
- d) A concorrencia de dúas ou máis circunstancias de atenuación determinará que á infracción, así atenuada na súa cualificación, se lle impoña a sanción menos gravosa de entre as previstas para a dita cualificación.

Cando, conforme as regras precedentes, non sexa posible precisar a concreta sanción aplicable, o órgano sancionador, á vista das circunstancias de toda índole presentes no suposto considerado, determinará ao seu prudente arbitrio consonte as regras da sa crítica.

**Artigo 49. Execución e efectos das sancións.**

1. As sancións non se executarán nin se farán públicas no boletín ou circular colexial mentres non sexan firmes. A sanción 1.<sup>a</sup> non será publicada en ningún caso.

2. As sancións 3.<sup>a</sup> a 7.<sup>a</sup> implican accesoriamente a suspensión dos dereitos electorais polo mesmo período da súa duración, así como o cesamento nos cargos colexiais que se exercesen.

3. De todas as sancións, excepto da 1.<sup>a</sup>, así como da súa cancelación, deixarase constancia no expediente colexial do interesado e darase conta ao Consello Superior de Colexios.

4. As sancións que impoña aos arquitectos calquera Colexio de Arquitectos producirán efectos en todo o territorio español.

5. Todas as sancións impostas, unha vez firmes, deberanse levar ao Rexistro de Colexiados, para os efectos da constancia da situación da habilitación profesional do arquitecto.

**Artigo 50. Prescrición e cancelación.**

1. As infraccións e as sancións prescriben:

- a) As leves, aos seis meses.
- b) As graves, aos dous anos.
- c) As moi graves, aos tres anos.

O prazo de prescrición da falta comeza a contarse desde o día en que se cometeu, e o prazo de prescrición da sanción comeza a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

A prescrición interrómpese por calquera acto colexial expreso dirixido a investigar a presunta infracción ou a executar a sanción con coñecemento do interesado.

2. As sancións cancelanse:

- a) Se fosen por infracción leve, aos seis meses.
- b) Se fosen por infracción grave, aos dous anos.
- c) Se fosen por infracción moi grave, aos catro anos.
- d) As de expulsión, aos seis anos.

Os prazos anteriores contaranse desde o día seguinte a aquel en que a sanción se executou ou se terminou de cumprir ou prescrito.

A cancelación supón a anulación do antecedente para todos os efectos e, no caso das sancións de expulsión, permite ao interesado solicitar a reincorporación ao Colexio.

**TÍTULO II****O Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España****CAPÍTULO I****Funcións****Artigo 51. Enumeración.**

Para o cumprimento dos fins que se lle asignan no artigo 6, o Consello Superior, no ámbito das súas competencias e sen menoscabo das que corresponden aos colexios e consellos autonómicos, exercerá as seguintes funcións:

1. De representación:

a) Representar unitariamente a profesión de arquitecto e as súas organizacións colexiais ante os poderes públicos de ámbito estatal, procurando os intereses profesionais

e prestando a súa colaboración nas materias da súa competencia, para o cal poderá celebrar convenios coas autoridades e organismos correspondentes.

- b) Representar a profesión ante outras profesións e entidades con ámbito estatal.
- c) Representar a profesión nas organizacións e congresos internacionais.
- d) Organizar os congresos de arquitectos de España.
- e) Emitir informe, consonte as leis, sobre os proxectos de disposicións de competencia estatal que se refiran ou afecten as atribucións e responsabilidades dos arquitectos ou as condicións xerais da súa actividade profesional.
- f) Cooperar á mellora do ensino da arquitectura, velando especialmente pola súa debida adecuación aos requirimentos dun exercicio profesional experto e responsable.

## 2. De ordenación:

- a) Elaborar, con audiencia dos colexios, as propostas de modificación ou substitución dos presentes estatutos xerais e sometelas a aprobación oficial consonte a lei.
- b) Emitir informe no procedemento de elaboración dos estatutos particulares de cada colexio ou consello autonómico, referente á súa adecuación a estes estatutos xerais.
- c) Coñecer as modificacións do ámbito territorial dos colexios na forma prevista no artigo 4.
- d) Elaborar e aprobar a normativa deontolóxica xeral da profesión, tomando en consideración as propostas dos colexios e con audiencia destes.
- e) Elaborar e aprobar normativas comúns nos supostos previstos nos artigos 20.3 e 33 destes estatutos, así como naqueles outros, pertencentes ás funcións de ordenación dos colexios, en que así se decida co obxecto de asegurar o debido cumprimento dos fins esenciais do propio Consello.
- f) Acordar directrices xerais de coordinación en materias de interese común.
- g) Resolver os recursos contra actos colexiais nos supostos previstos no artigo 39 destes estatutos.
- h) Exercer a potestade disciplinaria nos supostos que se recollen no artigo 44.4.
- i) Informar sobre as solicitudes de incorporación aos colexios que se produzan con base en titulacións expedidas por Estados non membros da Comunidade Europea, en función da normativa aplicable e acordar as directrices xerais sobre os medios para facilitar o coñecemento do código deontolóxico e da lexislación en materia de edificación por parte dos ditos titulados.

## 3. De coordinación:

- a) Levar o Rexistro Xeral de Arquitectos e o Rexistro Central de Sociedades Profesionais formados por consolidación dos rexistros colexiais debidamente actualizados.
- b) Levar a relación das titulacións estranxeiras de Arquitecto incorporadas ou homologadas en España.
- c) Arbitrar nos conflitos que se susciten entre consellos autonómicos ou colexios pertencentes a distintas comunidades autónomas cando afecten os fins esenciais do Consello, e nos demais casos que expresamente se lle sometan.
- d) Informar e asesorar os colexios en cantas materias de carácter profesional ou colexial lles sometan.
- e) Elaborar estatísticas e estudos sobre a profesión con base nos datos proporcionados polos colexios. As estatísticas deberán incluír a variable sexo.
- f) Promover entidades e servizos de interese xeral para os arquitectos.
- g) Asegurar a debida comunicación e cooperación entre os colexios para o mellor exercicio das súas funcións, en particular respecto das actuacións profesionais dos arquitectos en ámbitos territoriais distintos ao da súa colexiación.
- h) Coordinar e manter o servizo de portelo único previsto nos artigos 70 e 71 dos presentes estatutos.



4. De organización:
  - a) Elaborar e aprobar o seu propio regulamento xeral de réxime interior ou regulamentos particulares por materias específicas.
  - b) Aprobar os seus propios orzamentos e determinar as contribucións dos seus membros consonte estes estatutos.
5. En xeral:

Todas aquelas outras que revistan interese común e xeral para a profesión, sen prexuízo das competencias propias de cada Colexio.

## CAPÍTULO II

### Organización e funcionamento

#### Artigo 52. *Órganos.*

Son órganos do Consello Superior:

- a) A Asemblea.
- b) O Pleno de Conselleiros.
- c) O presidente.

#### Artigo 53. *A Asemblea. Composición.*

1. A Asemblea do Consello Superior, no marco destes estatutos, é o órgano máximo de representación da profesión de arquitecto organizada colexialmente.
2. Terán a condición de membros da Asemblea:

- a) Os membros do Pleno de Conselleiros.
- b) Tres membros designados por cada Colexio de ámbito autonómico ou Consello Autonómico de Colexios.
- c) 120 representantes dos colexios.

3. Os 120 representantes dos colexios distribuiranse para cada ano en proporción directa ao número de colexiados –excluídos os de carácter voluntario–, segundo o censo en 31 de decembro do ano anterior.

A distribución de representantes farase dividindo os 120 postos polo número total de colexiados e multiplicando o cociente polo número de colexiados de cada Colexio de ámbito autonómico ou Consello Autonómico. As fraccións arredondaranse polo enteiro máis próximo. Se nalgún caso o número resultante, sumado ao dos membros previstos no número 2.b) do presente artigo, é inferior ao de colexios integrantes do Consello Autonómico ou ao de demarcacións provinciais ou insulares do Colexio de ámbito autonómico correspondente, engadiránselle os representantes necesarios para alcanzar a dita cifra.

Se, como consecuencia destas operacións, non se alcanza ou se excede o número de 120, o dito número quedará reducido ou ampliado ao que resulte definitivamente en cada período, aínda que isto supoña variar o número definitivo de representantes.

Os representantes serán membros de Xunta de Goberno segundo a orde destes prevista nos estatutos particulares correspondentes. Se o número destes resulta insuficiente, ampliarase con outros colexiados que reúnan os requisitos estatutarios para seren membros de Xunta de Goberno e que serán elixidos, para o efecto expresado, por cada Colexio ou Consello Autonómico na forma que determinen os seus estatutos particulares.

4. En ningún caso dous colexios ou consellos autonómicos poderán sumar máis do 45 por 100 do total dos membros da Asemblea relacionados nas alíneas b) e c) do número 2 deste artigo. Se, como consecuencia das operacións descritas no número 3, se

supera este límite, o exceso de representantes atribuídos a estes dous colexios ou consellos autonómicos distribuiríase entre os demais colexios ou consellos autonómicos polo mesmo procedemento aritmético alí previsto e operaríase de igual forma para asignar o 45 por 100 entre os dous maioritarios.

5. Os colexios constituídos que non sexan coincidentes no seu ámbito territorial co das súas respectivas comunidades autónomas ou cidades con estatuto de autonomía conservarán a súa propia representación no Consello Superior, mentres non se constituía o Consello Autonómico de Colexios.

#### Artigo 54. *A Asemblea Xeral. Competencias.*

1. A Asemblea Xeral celebrará con carácter ordinario unha sesión anual, durante o mes de novembro. Tamén poderá celebrar sesións extraordinarias nos supostos seguintes:

- a) Por acordo do Pleno de Conselleiros.
- b) Por solicitude dun mínimo do 30 por 100 dos representantes pertencentes, ao menos, a catro colexios distintos.
- c) Por solicitude das xuntas de Goberno de catro colexios.
- d) Por acordo da Asemblea Xeral ordinaria do mes de novembro. Neste caso, esta celebrárase no mes de marzo seguinte e non terá carácter resolutivo, ao non poderse adoptar acordos ou resolucións con eficacia xurídica.

2. A Asemblea Xeral ordinaria tratará da aprobación da memoria do Pleno sobre xestión do exercicio anterior, da liquidación do orzamento e conta de ingresos e gastos do dito exercicio, así como do programa de actuación e orzamento do Consello para o exercicio seguinte. A orde do día pecharase co punto rolda de intervencións e proposicións.

3. Serán tamén competencia da Asemblea Xeral e poderán incluírse nas reunións ordinarias ou convocar unha extraordinaria para o efecto, os seguintes temas:

- a) Aprobar a convocatoria dos congresos de arquitectos de España, por proposta do Pleno de Conselleiros.
- b) Aprobar a modificación dos presentes estatutos.
- c) Aprobar o código deontolóxico xeral da profesión.
- d) Aprobar definitivamente as normas comúns e directrices xerais que emanen do Consello Superior consonte o previsto nestes estatutos.
- e) Aprobar créditos extraordinarios por proposta do Pleno de Conselleiros.
- f) Aqueles outros que, sendo competencia do Pleno de Conselleiros, este acorde someter a consideración da Asemblea Xeral.
- g) Outorgar o referendo ás candidaturas que se presenten para os cargos electivos do Consello Superior, referidos no artigo 61.1.

4. Non se poderán tomar acordos por parte da Asemblea Xeral sobre asuntos que non fosen previamente incluídos na orde do día e ditaminados polo Pleno de Conselleiros. As proposicións sobre asuntos pertencentes á competencia da Asemblea segundo este artigo, se son tomadas en consideración, serán tratadas polo Pleno de Conselleiros e darase conta á Asemblea dos acordos que se adopten.

#### Artigo 55. *A Asemblea Xeral. Funcionamento.*

1. A Asemblea Xeral será convocada e presidida polo presidente do Consello ou por quen o substitúa estatutariamente e formarán parte da mesa os membros do Pleno de Conselleiros. Quedará constituída en primeira convocatoria coa asistencia da maioría dos seus membros, ou dun 20 por 100 deles en segunda convocatoria, media hora despois da primeira.

2. Precisarán quórum de presenza dun terzo dos membros da Asemblea os asuntos que supoñan a modificación de estatutos ou do código deontolóxico da profesión.

3. Unha vez aberta a sesión, procederáse á aprobación da acta da sesión anterior. Só poderá formular obxeccións quen interviñese na sesión correspondente. As obxeccións

deberán presentarse por escrito antes do inicio da sesión, salvo que a acta non fose repartida con antelación mínima de vinte e catro horas, caso en que se poderán expresar no mesmo acto.

4. A seguir, pasarase aos puntos da orde do día: o presidente poderá modificar a orde de tratamento destes. Concederanse ata tres quendas de palabra a favor e outras tantas en contra e o presidente poderá ampliar o debate cando o considere oportuno.

5. Terán dereito a voto todos os membros presentes na Asemblea e non se admitirá a delegación de voto. As votacións serán ordinarias, nominais ou secretas; serán nominais ou secretas cando o dispoña o presidente ou se o solicita unha quinta parte dos asistentes e prevalecerá a votación secreta se se solicitan, asemade, ambas as modalidades. Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos afirmativos sobre negativos.

#### Artigo 56. *O Pleno de Conselleiros. Competencias e composición.*

1. O Pleno de Conselleiros é o órgano de goberno e de dirección do Consello Superior e titular das súas competencias, salvo as expresamente atribuídas aos demais órganos por estes estatutos.

2. O Pleno está integrado por membros electivos: o presidente, o secretario xeral, o vicepresidente e o tesoureiro; e por membros natos: os decanos dos colexios de ámbito autonómico ou pluriprovincial e os presidentes dos consellos autonómicos. O secretario xeral intégrase no Pleno de Conselleiros con voz pero sen voto. Todos eles, salvo o secretario xeral, terán a condición de conselleiros. O vicepresidente e o tesoureiro, cando non teñan a condición de decanos de colexios ou presidentes de consellos autonómicos de colexios, integraranse no Pleno de Conselleiros con voz pero sen voto e sen a condición de conselleiros.

3. Os cargos de presidente e secretario xeral son incompatibles cos de decano ou presidente de Consello Autonómico de Colexios. Os cargos de vicepresidente ou tesoureiro son compatibles coa condición simultánea de decano ou presidente de Consello Autonómico.

4. Os cargos de presidente, secretario xeral, vicepresidente e tesoureiro do Consello Superior terán unha duración de mandato de 4 anos, que se iniciará o 1 de xaneiro, e non poderán ser reelixidos consecutivamente máis dunha vez. As vacantes que se produzan con anterioridade á finalización do mandato proveranse mediante elección do Pleno de Conselleiros polo tempo que reste ata a renovación ordinaria que corresponda.

5. Nos casos de ausencia xustificada, os conselleiros poderán outorgar a súa representación ao membro das súas respectivas xuntas de Goberno que expresamente designen para o efecto.

6. Os decanos dos colexios integrados en consellos autonómicos de colexios teñen o dereito de asistir e intervir nas sesións do Pleno de Conselleiros, con voz pero sen voto.

Cada conselleiro poderá facerse asistir nas reunións por un adxunto designado por el entre os membros da súa Xunta de Goberno. O adxunto consumirá quenda de intervención nos debates cando o conselleiro renuncie no seu favor. Tamén poderá facerse acompañar para determinados temas por un experto, que unicamente poderá intervir no debate se é autorizado expresamente polo presidente.

7. Un regulamento regulará, en primeiro lugar, o réxime e o funcionamento das sesións do Pleno de Conselleiros, no cal se incluírá a participación de decanos de colexios, adxuntos e expertos e, en segundo lugar, o réxime de votacións.

#### Artigo 57. *O Pleno de Conselleiros. Funcionamento.*

1. O Pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses como mínimo e reunirse en sesión extraordinaria cantas veces o convoque o presidente, por propia iniciativa ou por solicitude da quinta parte dos conselleiros.

2. As convocatorias, incluíndo a orde do día, cursaranse con sete días naturais de antelación como mínimo, salvo que concorran razóns de urxencia, caso en que abondará con tres días de prazo ou coa conformidade expresa de todos os membros do Pleno.

3. Para a válida constitución do Pleno debidamente convocado requírese a asistencia, en todo caso, do presidente e do secretario ou de quen estatutariamente os substitúa, e da totalidade dos conselleiros en primeira convocatoria ou da maioría deles ou os seus representantes, en segunda convocatoria media hora despois. Para tomar acordos deberase manter un quórum de presenza da terceira parte dos membros do Pleno.

4. A sesión iniciarase coa aprobación da orde do día, que poderá ser ampliada con aqueles asuntos que revistan urxencia apreciada por dous terzos dos presentes. Non obstante, de se tratar de temas que afecten especificamente un colexio ou consello autonómico, a ampliación da orde do día requirirá a presenza e conformidade do conselleiro afectado ou do seu representante. O presidente poderá alterar a orde de tratamento dos asuntos.

5. As votacións serán ordinarias, nominais ou secretas. As votacións secretas e as nominais procederán cando o dispoña o presidente ou se o solicitan ao menos tres dos membros asistentes; a votación secreta prevalecerá cando se pidan ambas asemade. Nas votacións nominais farase constar na acta o voto emitido por cada membro e nas ordinarias o de quen así o solicite; tanto nas votacións ordinarias como nas nominais poderá engadirse unha sucinta motivación do voto respectivo. Os empates dirimiranse cunha nova votación na cal o presidente terá voto de calidade se se repite o empate.

6. Terán dereito de voto todos os membros do Pleno presentes ou debidamente representados, salvo o secretario xeral, que intervirá con voz pero sen voto. O vicepresidente e o tesoureiro, cando non teñan a condición de conselleiros, poderán intervir con voz pero sen voto.

Os acordos adoptaranse por maioría simple salvo que, por petición dun conselleiro, se solicite que o reconto admita unha dobre maioría, que requirirá, en primeiro termo, a maioría simple dos conselleiros; e unha vez que se produza tal maioría, será necesario que concorra a maioría de assembleístas conforme a representatividade correspondente a cada un dos colexios e consellos autonómicos que vén materializada nos seus respectivos conselleiros.

Exceptúanse do disposto no número anterior os acordos relativos ás funcións relacionadas nos números 2.a), 2.d) 2.e) e 2.f) do artigo 51 ou ao suposto recollido no artigo 62, para os cales se requirirá o voto favorable dos 2/3 dos membros do Pleno.

#### Artigo 58. *O presidente do Consello Superior.*

1. O presidente exerce a representación legal do Consello e desempeña as seguintes funcións:

- a) Asumir en todo momento a representación unitaria da profesión.
- b) Convocar, presidir e ordenar as sesións do Pleno de Conselleiros e da Asemblea Xeral.
- c) Velar polo debido cumprimento dos acordos.
- d) Adoptar as disposicións urxentes que se requiran dando conta do actuado ao seguinte Pleno que se celebre.
- e) Ordenar os pagamentos.
- f) Conformar co seu visto e praxe as actas e certificacións expedidas polo secretario xeral.
- g) Exercer a superior inspección de todos os servizos e dependencias do Consello.
- h) Cantas outras lle encomende o Pleno de Conselleiros.

2. A elección para renovación ordinaria do presidente convocarase no mes de setembro do ano anterior ao de inicio do mandato.

3. O cargo de presidente estará remunerado coa asignación que se fixe nos orzamentos do propio Consello.

4. En ausencia, enfermidade ou vacante do presidente, suplirao provisionalmente nas súas funcións o vicepresidente ou vicepresidentes pola súa orde ou, na súa falta, o

conselleiro de maior idade salvo que o Pleno designe expresamente outro conselleiro. O presidente poderá delegar a súa representación noutros membros do Pleno con carácter temporal e para fins específicos.

Artigo 59. *O secretario xeral.*

1. Compete ao secretario xeral:

- a) Levantar acta das sesións do Pleno de Conselleiros e da Asemblea Xeral.
- b) Cursar as convocatorias e notificacións.
- c) Gardar os arquivos e selos do Consello e expedir as oportunas certificacións.
- d) Executar os acordos do Consello.
- e) Exercer a dirección dos servizos administrativos e a xefatura de persoal.
- f) Exercer as funcións de autoridade competente e de xestión do portelo único nos termos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

2. Os requisitos dos candidatos e o réxime de incompatibilidades e vacante serán idénticos aos do presidente, salvo a antigüidade mínima no exercicio profesional, que será de cinco anos, e a suplencia provisional das súas funcións, que corresponderá ao conselleiro presente máis novo.

O cargo de secretario xeral será remunerado coa asignación que acorde o propio Consello.

3. Nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante do secretario, exercerá provisionalmente as súas funcións o conselleiro de menor idade presente en cada ocasión.

Artigo 60. *O tesoureiro do Consello Superior.*

Compete ao tesoureiro:

- a) Efectuar a recadación consonte o orzamento e custodiar os fondos do Consello.
- b) Executar os pagamentos debidamente ordenados.
- c) Supervisar a contabilidade e formalizar a conta do exercicio vencido e a liquidación do orzamento correspondente.
- d) Redactar a proposta de orzamento.
- e) Informar periodicamente o presidente e o Pleno da execución do orzamento e da situación de tesouraría.
- f) Supervisar o inventario actualizado dos bens do Consello.

Artigo 61. *Procedemento electoral para a provisión de cargos electivos do Consello Superior.*

1. Os cargos de presidente, secretario xeral, vicepresidente e tesoureiro serán elixidos polos decanos dos colexios de ámbito autonómico e pluriprovinciais e presidentes dos consellos autonómicos de colexios que forman parte do Pleno de Conselleiros.

2. Para a provisión dos expresados cargos do Consello Superior por elección deberán formalizarse candidaturas que inclúan todos os cargos mencionados, en candidaturas completas, cerradas e bloqueadas. Non poderá ser admitida unha candidatura que non inclúa a provisión de todos os cargos de presidente, secretario xeral, vicepresidente e tesoureiro.

3. As candidaturas deberán vir avaladas por, ao menos, dous colexios e ser referendadas pola Asemblea Xeral mediante o oportuno acordo e sempre que os candidatos acepten a súa candidatura e cumpran os requisitos de ser nacionais dun país da Unión Europea e arquitectos colexiados en España, con 10 anos de antigüidade, como mínimo, para o cargo de presidente, e de 5 anos de antigüidade para os cargos de secretario xeral, vicepresidente e tesoureiro e non ter sufrido sanción disciplinaria, salvo que fose cancelada.

4. A Asemblea Xeral constituirase para referendar as candidaturas. Na dita sesión as candidaturas deberán expor as súas propostas e programas, que serán obxecto de debate pola Asemblea. As propostas e programas deberán ser remitidas, cunha antelación de 15 días, aos asembleístas, que poderán formular observacións aos candidatos sobre os seus programas e condicións de idoneidade. Para que se poida entender referendada pola Asemblea, unha candidatura deberá obter, ao menos, o voto afirmativo do 1/3 parte dos membros da Asemblea Xeral.

5. A elección terá lugar o mesmo día da sesión da Asemblea Xeral e na votación participarán os decanos dos colexios autonómicos e pluriprovinciais e os presidentes de consellos autonómicos de colexios. A elección efectuarase por votación secreta e requirirase maioría absoluta en primeira volta. De non alcanzarse, procederase a unha segunda volta entre as dúas candidaturas que obtivesen máis votos e, daquela, abondará a maioría simple. Os empates que se produzan en calquera de ambas as voltas dirimiranse mediante votacións adicionais por maioría simple.

O cómputo das maiorías requiridas, tanto para a primeira volta como, de ser o caso, para a segunda ou sucesivas voltas, incluírá o recuento de dobre maioría: maioría simple; e a concurrencia, así mesmo, de maioría na representación de asembleístas que teña e correspondan a cada uno dos colexios e consellos autonómicos, que se materializa nos decanos dos colexios autonómicos e pluriprovinciais e presidentes de consellos autonómicos.

#### Artigo 62. *A moción de censura.*

O Pleno de Conselleiros poderá aprobar mocións de censura respecto do presidente do Consello con efecto revogatorio do cargo. A moción exixirá os requisitos seguintes:

- a) Ser proposta pola metade, ao menos, dos conselleiros.
- b) Ser lida nunha primeira sesión do Pleno e sometida a debate e votación nunha segunda sesión que se celebrará quince días despois da primeira, como mínimo, e un mes como máximo.
- c) Resultar aprobada por dous terzos dos conselleiros en votación secreta e persoal, sen que proceda a representación.

De prosperar a moción, convocarase inmediatamente nova elección. De non prosperar a moción, non se poderá presentar outra contra a mesma persoa no prazo de seis meses.

### CAPÍTULO III

#### **Réxime do Consello Superior**

##### *Sección 1.ª Réxime xurídico*

#### Artigo 63. *Normas aplicables.*

Na súa organización e funcionamento o Consello réxese polas seguintes normas:

- a) A lexislación estatal en materia de colexios profesionais.
- b) O resto do ordenamento xurídico que lle resulte aplicable.
- c) Estes estatutos xerais e o Regulamento de réxime interior que, de ser o caso, se aprobe para o desenvolvemento do presente título II.

#### Artigo 64. *Eficacia dos acordos.*

1. Salvo as resolucións en materia disciplinaria, que se aterán ao previsto no artigo 49.1, os acordos do Consello consideraranse executivos desde a súa adopción, sen máis requisito que a súa notificación ou publicación cando proceda, excepto que dos seus propios termos resulten sometidos a prazo ou condición de eficacia.

2. Os acordos adoptados polos órganos do Consello en materia da súa competencia vinculan a todos os colexios e consellos autonómicos, sen prexuízo dos recursos que poidan interpor contra eles as persoas lexitimadas consonte as leis. Nos casos de incumprimento, o Pleno de Conselleiros, logo de requirimento cominatorio ao órgano de goberno correspondente, poderá acordar a privación de dereitos de representación do Colexio ou Consello incumplidor mentres persista na súa actitude. Así mesmo, o Pleno poderá acordar en tales casos a incoación de expediente disciplinario aos membros do órgano responsable de dar cumprimento ás resolucións do Consello Superior, como presuntos autores de falta grave, segundo o previsto no artigo 47.2.k) destes estatutos.

Artigo 65. *Réxime en materia de recursos.*

1. Os recursos ante o Consello Superior nos supostos previstos no artigo 39 destes estatutos serán resoltos polo Pleno de Conselleiros.

Os colexios, baixo responsabilidade dos seus secretarios, remitirán ao Consello Superior os expedientes dos recursos no prazo de quince días desde que sexan requiridos para iso. No mesmo termo poderán comparecer formulando as alegacións ou informes que consideren convenientes.

Os conselleiros absteranse de intervir no debate e na votación dos recursos que afecten os seus respectivos colexios.

2. Os recursos mencionados neste artigo interporanse no prazo dun mes desde a publicación ou notificación dos acordos e deberán ser resoltos, no caso do recurso dealzada, no termo de tres meses e, no caso do recurso de reposición, no prazo dun mes desde a súa interposición, salvo as dilacións que a súa debida tramitación xustifique. Transcorrido o dito termo sen que se producise resolución, os interesados poderán entender desestimados os seus recursos salvo naqueles supostos en que, consonte a lexislación xeral sobre procedemento administrativo, proceda entender a súa estimación presunta.

3. Os acordos do Consello conclúen a vía corporativa e permiten o acceso á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na súa lei reguladora.

Artigo 66. *Réxime en materia disciplinaria.*

1. Corresponde ao Pleno de Conselleiros a resolución dos expedientes disciplinarios da competencia do Consello Superior, segundo o previsto no artigo 44.3.

2. O regulamento interno do Consello regulará o procedemento disciplinario, consonte o establecido no capítulo VIII do título I destes estatutos e de acordo coa lexislación aplicable. Poderase prever a constitución dunha comisión de réxime disciplinario como órgano dotado de autonomía funcional, coa función de asumir a instrución dos expedientes e formular as oportunas propostas de resolución ao Pleno de Conselleiros.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Réxime económico*

Artigo 67. *Recursos económicos.*

1. Son recursos económicos do Consello Superior:

- a) As contribucións dos colexios ou consellos autonómicos que o integran.
- b) Os dereitos ou honorarios pola emisión de certificacións, ditames, informes ou outros asesoramentos que se lle requiran.
- c) Os rendementos do seu patrimonio.
- d) Os ingresos por publicacións ou outros servizos remunerados que teña establecidos.
- e) As subvencións ou donativos que reciba.
- f) Cantos outros lle poidan corresponder legalmente.

2. As contribucións económicas dos colexios ou consellos autonómicos serán fixadas nos orzamentos anuais do Consello consonte o seguinte criterio distributivo:

- 1.º Un 20 por 100 distribuído linealmente por Colexio ou Consello Autonómico.
- 2.º Un 80 por 100 en proporción ao número dos seus membros, sen contar os colexiados de carácter voluntario.

3. Os respectivos colexios ou consellos autonómicos están obrigados a recoller nos seus orzamentos anuais as contribucións económicas fixadas polo Consello. As contribucións aboaranse por doceavas partes dentro da primeira semana de cada mes e serán por conta de cada Colexio ou Consello Autonómico os gastos e xuros que orixine a demora no pagamento.

4. O incumprimento do deber de contribución económica ao Consello Superior poderá dar lugar á adopción das medidas previstas no artigo 64.2, sen prexuízo da específica lexitimación do Consello para interpor os recursos que considere convenientes na vía corporativa colexial.

#### Artigo 68. *Orzamentos e contas.*

1. O Consello actuará en réxime de orzamento anual, único e nivelado, de acordo co establecido nestes estatutos para os colexios en que resulte aplicable. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

2. Poderá acumularse a totalidade ou parte do superávit orzamentario, unha vez aprobado, nun fondo de reserva para continxencias extraordinarias ou axilización de pagamentos correntes. O superávit non incorporado ao fondo de reserva e o déficit orzamentario, de ser o caso, unha vez aprobados, incluíranse nos estados de ingresos e gastos do orzamento seguinte á súa aprobación.

3. Un regulamento regulará o funcionamento e os criterios para a disposición do fondo de reserva.

#### *Sección 3.ª Réxime de xestión administrativa*

#### Artigo 69. *Memoria anual.*

1. Os colexios e o Consello Superior están suxeitos ao principio de transparencia na súa xestión. Para iso, o Pleno de Conselleiros do Consello Superior deberá elaborar unha memoria anual que conteña, polo menos, a información seguinte:

a) Informe anual de xestión económica, que inclúa os gastos de persoal suficientemente desagregados e especifique as retribucións dos membros da Xunta de Goberno dos colexios e cargos electos do Consello Superior en razón do seu cargo.

b) Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción a que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta, de ser o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos usuarios ou polas súas organizacións representativas, así como a súa tramitación e, de ser o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

e) Os cambios no contido do código deontolóxico.

f) As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se encontren os membros das xuntas de Goberno ou do Pleno do Consello Superior.

g) Información estatística sobre a actividade de visado. Os datos presentaranse desagregados territorialmente por colexios.



2. A memoria anual deberase facer pública a través da páxina web no primeiro semestre de cada ano.

3. O Consello Superior fará pública, xunto coa súa memoria, a información estatística a que fai referencia o número 1 deste artigo de forma agregada para o conxunto da organización colexial.

4. Para os efectos de cumprir a previsión do número anterior, os colexios e os consellos autonómicos de colexios facilitarán ao Consello Superior a información necesaria para elaborar a memoria anual.

#### *Sección 4.<sup>a</sup> Portelo único*

##### *Artigo 70. Portelo único. Organización.*

1. Corresponde ao Consello Superior manter en funcionamento o portelo único a través dos seus medios telemáticos, para asegurar o servizo aos arquitectos colexiados e a información que soliciten os usuarios, para o cal establecerá e manterá o sistema operativo máis idóneo e a plataforma tecnolóxica que garanta a interoperabilidade e a accesibilidade das persoas con discapacidade.

2. O sistema elixido deberá asegurar a interacción de todos os colexios e do Consello Superior e procurar a interoperabilidade co resto de autoridades competentes previstas na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

##### *Artigo 71. Portelo único. Funcións.*

1. As funcións do portelo único, que o Consello Superior debe manter e coordinar a través do sistema operativo elixido, clasifícanse en dous grupos de servizos, os de información e os de xestión de trámites colexiais. O sistema operativo coordinado polo Consello Superior debe asegurar a operatividade de todas esas funcións e, en particular, as de xestión que se refiren a colexiación e visado colexial.

2. O Consello Superior, a través do portelo único, garantirá a debida coordinación cos colexios para ofrecer aos arquitectos colexiados a realización de todos os trámites necesarios para a colexiación, o seu exercicio e a súa baixa no Colexio, a través dun único punto por vía electrónica e a distancia.

3. Concretamente, o Consello Superior fará o necesario para que, a través deste portelo único, os arquitectos colexiados poidan, de forma gratuíta:

a) Obter toda a información e formularios necesarios para o acceso á actividade profesional e o seu exercicio.

b) Presentar toda a documentación e solicitudes necesarias, incluída a da colexiación.

c) Coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teñan consideración de interesados e recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a resolución destes polo Consello Superior e polos colexios, incluída a notificación dos expedientes disciplinarios cando non sexa posible por outros medios.

d) Recibir as convocatorias ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias e ter coñecemento da actividade pública e privada do Consello Superior e dos colexios.

4. A través do referido portelo único, o Consello ofrecerá a seguinte información aos usuarios, que deberá ser clara, inequívoca e gratuíta:

a) O acceso ao Rexistro Xeral Consolidado de Arquitectos, que estará permanentemente actualizado e no cal constarán, ao menos, os seguintes datos: nome e apelidos dos profesionais colexiados, número de colexiación, titulacións universitarias que habiliten para o exercicio da profesión de arquitecto, domicilio profesional e situación de habilitación profesional.

b) O acceso ao rexistro de sociedades profesionais, que terá o contido descrito no artigo 8 da Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.

c) As vías de reclamación e os recursos que se poderán interpor en caso de conflito entre o cliente ou usuario e un colexiado ou entre o cliente ou usuario e os colexios ou o Consello Superior.

d) Os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios ás cales os destinatarios dos servizos profesionais se poden dirixir para obter asistencia.

e) O contido do código deontolóxico.

Artigo 72. *Desenvolvemento regulamentario.*

O sistema de interconexión entre o Consello Superior e os colexios de arquitectos, a súa estrutura e funcións, concretarase mediante norma aprobada polo Consello Superior.

### TÍTULO III

#### Outras disposicións

Artigo 73. *Principio de non discriminación por razón de xénero.*

1. Velarase pola observancia do principio informador sobre igualdade de trato entre mulleres e homes, tal e como está establecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

2. Faise constar que a linguaxe utilizada no texto dos presentes estatutos aplica o xénero masculino como xenérico para designar ambos os sexos.

Artigo 74. *Colexios oficiais de arquitectos de Ceuta e de Melilla.*

1. As contribucións económicas aos orzamentos do Consello Superior de Colexios correspondentes aos colexios de Ceuta e de Melilla, en aplicación do disposto no artigo 67.2, serán aboadas consonte o seguinte criterio:

a) Con cargo a cada un dos ditos colexios, a cantidade equivalente a unha contribución por colexiado igual á que corresponda, entre os restantes colexios de arquitectos, ao de menor número de colexiados.

b) Con cargo aos restantes colexios ou consellos autonómicos de colexios, en proporción ás súas contribucións respectivas e como complemento destas, o resto da cantidade debida.

2. A representación na Asemblea Xeral do Consello Superior correspondente aos ditos colexios, a teor do artigo 53.2.b), será dun membro por cada un deles.